

UN SOL INTERIOR

[Claire Denis, 2017]

363

ESTREA EN NUMAX: 06.04.2018 | V.O.S.E. | +12

Un beau soleil intérieur (2017, 94')

Dirección: Claire Denis

Guión: Christine Angot, Claire Denis (Libro: Roland Barthes)

Elenco: Juliette Binoche, Gérard Depardieu, Valeria Bruni Tedeschi, Nicolas Duvauchelle, Josiane Balasko, Xavier Beauvois, Alex Descas, Bruno Podalydès, Paul Blain, Philippe Katerine

Son: Jean-Paul Mugel

Montaxe: Guy Lecomte

Vestuario: Judy Shrewsbury

Dirección de arte: Arnaud de Moleron

Música: Stuart A Staples

Fotografía: Agnès Godard

Produtoras: CNC, Curiosa Films, FD Production, Ad Vitam Production, Versus Production, OCS, La Banque Postale Image 10, Le Tax Shelter du Gouvernement Fédéral de Belgique, Arte, Cofinova 11, Cinéma 10 (Francia, Bélxica)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Los canallas, 2013

Una mujer en África, 2009

35 tragos de ron, 2008

El intruso, 2004

Trouble Every Day, 2001

Buen trabajo, 1999

Chocolat, 1988

PREMIOS E FESTIVAIS


Cannes 2017 (Premio SACD Quincena dos Realizadores), Sevilla 2017 (Sección oficial), César 2017 (Nomeada a mellor actriz —Juliette Binoche—), Premios do Cinema Europeo 2017 (Nomeada a mellor actriz —Juliette Binoche—)

SINOPSE

Isabelle é unha artista parisiña divorciada que, tras varias relacións sen éxito, quere encontrar o amor. O amor de verdade. Adaptación da novela de Roland Barthes *Fragments de un discurso amoroso*.

«Denis logrou extraer totalmente o sol interior da mellor actriz francesa da súa xeración. A mellor película de Denis desde *35 tragos de ron*»

Philipp Engel, FOTOGRAMAS



“Isabelle é como unha Casanova moderna”

Entrevista con Claire Denis

Como xurdiu o proxecto? Estaba nun deses períodos entre dous proxectos, o meu filme anterior, que foi particularmente duro, e o seguinte, unha coprodución. Así que eu estaba nun estado de expectación. Despois, no momento exacto, Olivier Delbosc presentoume unha proposta de longametraxe: a adaptación do libro de Roland Barthes titulado *Fragmentos de un discurso amoroso*.

O verán anterior en Aviñón estiven a ensaiar un texto de Christine Angot cos actores Norah Krief e Alex Descas. Despois díxenlle a Christine: «teño a esperanzadora impresión de que podería filmar este diálogo agora, sen preparación nin escenografía, só cunha cámara e un sonidista». Ela respondeume, «pero iso non vai funcionar». Ao que eu respondín: «sí tal, funcionará». Dese modo puxémonos a traballar. Con tan só tres días de rodaxe e unha semana de montaxe realizamos un filme de 45 minutos chamado *Voilà l'enchaînement* (2014), que narra a historia da ruptura dunha parella. Ese proceso creativo liberoume, as dificultades de sacar

adiante unha película desaparecieron. Este feito foi decisivo para levar á pantalla *Un sol interior*. Falei con Olivier Delbosc sobre Christine e viceversa e a enerxía fluíu. A diferenza foi que xa non queríamos adaptar un libro de Barthes, queríamos escribir un guión orixinal: os nosos propios fragmentos sobre o amor.

Cal foi o punto de partida á hora de escribir o guión? A palabra agonía foi clave para Christine Angot, a guionista, e para min, chegándose a converter no punto de inicio do proceso creativo. Non desde o punto de vista negativo, a palabra agonía como unha forma chic e lixeiramente presumida de dicir que alguén está sobrepasado polos problemas amorosos: o ideal frustrado, a eterna expectativa. Deste modo, encontramos a estrutura do relato que logo se converteu na nosa película *Un sol interior*.

Como chegou Juliette Binoche ao proxecto? Christine e eu traballamos con fragmentos ou momentos, esa forma de crear encaixounos á perfección. Para construír eses fragmentos baseámonos nas nosas propias experiencias. A protagonista, desde o primeiro instante que apareceu no guión, foi unha versión de nosoutas. O personaxe foi creado a través de instantes da vida de Christine e da miña propia, anacos dos nosos recordos. Despois decatámonos de que Isabelle, a nosa protagonista, debía ser Juliette, Juliette Binoche.

Cal é o obxectivo de Isabelle? Isabelle

sabe que para encontrar o amor verdadeiro debe rematar cos seus medos. Ao longo da miña carreira topei con personaxes que eran perpetuamente heroicos e un non sempre pode ter tanta firmeza. Isabelle nun momento deixa de tentar ser firme. No percorrido da película comprende a profunda discrepancia entre o que ve nos o homes e o que quere encontrar. Esa distancia medra a medida que ten encontros, os fragmentos dos que se compón o relato. Porén, Isabelle non é unha versión feminina de Don Juan. Ela é máis como unha Casanova moderna, pero pola súa condición de muller debe manterse agochada.

Como foi a experiencia con Gérard Depardieu? Non se pode describir con palabras o efecto que Gérard Depardieu xera nun set de rodaxe. É un home cunha beleza espiritual inmensa, cando entra nunha sala, xa sexa un set de rodaxe ou calquera outro cuarto, algo no aire, nas partículas, vese incuestionabelmente alterado. El pode facer que as liñas de diálogo sexan profundamente naturais. É máis, escoitei na miña cabeza o título definitivo da película cando el dixo unha frase do seu personaxe a Isabelle: «Non te peches ás cousas novas... busca o teu verdadeiro camiño e encontrarás o teu sol interior».

Publicado en www.avalon.me

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Jean-Pierre Léaud
Pauline Étienne

O león dorme esta noite

UN FILME DE NOBUHIRO SUWA
co protagonista d' O 400 golpes

SECCIÓN OFICIAL
FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN
2017

«Un conto fantástico totalmente inesperado»
Jean-François Rauger — LE MONDE

«Jean-Pierre Léaud emocionante desde o primeiro momento»
Daniel de Partzarroyo — CINEMANIA

«O mellor filme do Festival de San Sebastián»
CAIMÁN CUADERNOS DE CINE

Estrea en cines 27 DE ABRIL

distribucion.numax.org/leon

CO-PRODUCCIÓN Nobuhiro Suwa (LEON) Jean-Pierre Léaud, Pauline Étienne, Maud Wyler, Arthur Harari, Isabelle Weingarten, Noé Sampsy, Jean-Louis Berard, Françoise Michaud, Louis-Do de Lencquesaing, Jules Langlade... Nobuhiro Suwa, CO-PRODUCCIÓN Figue en Mineur (LE) de Pierre Léaud... CO-PRODUCCIÓN Tom Harari... CO-PRODUCCIÓN Florent Klockenbring, Emmanuel Crosset... CO-PRODUCCIÓN Thomas Grézaud... CO-PRODUCCIÓN Inés De La Revère... CO-PRODUCCIÓN Martial Salomon... CO-PRODUCCIÓN Olivier Marguerit... CO-PRODUCCIÓN Michiko Yoshitake, Jérôme Dupflet... CO-PRODUCCIÓN Yuji Sadai... CO-PRODUCCIÓN Centre National de la Cinématographie et de l'Image Animée... CO-PRODUCCIÓN Région Provence-Alpes-Côte d'Azur... CO-PRODUCCIÓN Département des Alpes-Maritimes... CO-PRODUCCIÓN CNC... CO-PRODUCCIÓN Agency for Cultural Affairs do Goberno de Xapón... CO-PRODUCCIÓN FILM IN-EVOLUTION, Les Productions Balhazar, Bitters End... CO-PRODUCCIÓN NUMAX Distribución